


O Concello de Ribadeo completou o programa das xornadas culturais **Mar por medio** con estes dous concertos públicos de distinta singularidade.

Alexander Detisov é violinista da Orquestra Virtuosos de Moscova (unha das mellores formacións camerísticas do mundo, establecida en Asturias hai meses) desde o ano 1990. Estudou nos Conservatorios de Georgia e Moscova. Acompaña ao piano Natália Mazoun, profesora de piano, profesora de coro e sobranceira pedagoga musical; estudou na Escola Estatal de Música de Gnesin e no Instituto Musical e Pedagóxico de Moscova.

Pola súa parte, a Banda Municipal de Ribadeo, dirixida por Hernán Naval, presenta un programa do que queremos sinalar nomeadamente dúas particularidades: na interpretación da versión bándística da célebre **Rapsódia in blue**, de George Gershwin, participa unha avantaxada estudante de Piano ribadense, o que significa toda unha innovación nun concerto dunha Banda popular; e como deferencia aos ilustres visitantes británicos, ofrécese unha selección de cancións dos Beatles de Liverpool, nun estupendo arranxo para Banda de W. Hautvast, o mesmo arranxista de **Jesus Christ Superstar**, de Lloyd Webber, obra tamén incluída no programa inglés.

MAR POR MEDIO



CONCERTOS

28 e 29 de Xullo.
Igrexa Parroquial.
9 da noite.

1992

ALEXANDER DETISOV / NATALIA MAZOUN

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO



**EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO**

Martes, 28 de Xullo.
Igrexa Parroquial. 9 da noite.

ALEXANDER DETISOV, violín
NATALIA MAZOUN, piano



P R O G R A M A

Cantabile	Paganini
Romanza andaluza	P. Sarasate
Ave María	F. Schubert
A abella	F. Schubert
Soños	Vietan
Mazurca	Veniavsky
Nouturno	F. Chopin
Vals triste	Vechei
Vacalisa	Rachmaninov
Humoresque	A. Dvorak
Tres valsos	Kreisler

Mércores, 29 de Xullo.
Igrexa Parroquial. 9 da noite.

BANDA MUNICIPAL
DE RIBADEO



P R O G R A M A

Pontareas (Paso-dobre)	R. Soutullo
Jesus Christ Superstar (Seleición)	Lloyd Webber
Rhapsody in blue	G. Gershwin
(Pianista invitada: Lucia Villamil Ramil)	
Negra Sombra (Balada galega)	J. Montes
The Beatles in concert	J. Lennon & P. Mc Cartney
	(Arr.: Willy Hautvast)
Amparito Roca (Paso-dobre)	J. Teixidor

Hino inglés / Hino galego

Director:
HERNAN NAVAL